

Asunto: informe sobre Parque Eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II

Promotor: Pena Costa Eólica S.L.

Localización: Termos municipais dos concellos de Rodeiro, Dozón (Pontevedra), San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense)

Clave: IN408A/2020/17

ANTECEDENTES:

o proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalacións do parque eólico e liña de evacuación de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental así como Proxecto técnico da actuación Parque Eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II nos Termos municipais dos concellos de Rodeiro, Dozón (Pontevedra), San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense)

Por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento.

Con data 22 de febreiro de 2021 preséntase no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, solicitude de Autorización Administrativa, Aprobación de Proxecto de Execución, Aprobación do Proxecto Sectorial das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e se emite pertinente informe, ó cal se responde con data 21 de setembro de 2021 aportando documentación requirida relativa ó estudio de impacto turística a cal fai referencia o seguinte informe.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 8 aeroxeneradores acadando una potencia total de 33,60 MW, o modelo de aeroxenerador seleccionado é o V136 fabricado por Vestas ten un diámetro máximo de rotor de 136 m e altura máxima de buxe ata 112 m.

INFORME

Segundo o Estudio de Impacto Turístico do Proxecto Parque Eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.



Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recursos naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poder producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenvolvemento da explotación.

CONCLUSIÓN

As afeccións á explotación de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II no turismo rural local así como na súa contorna é REDUCIDO e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

